

participativo (PSFP) para empresas (texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 113 final] [COM(2018) 113 final Anexo] [2018/0048 (COD)] {SWD(2018) 56 final} - {SWD(2018) 57 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28200, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa consulta sobre aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo aos provedores europeos de servizos de financiamento participativo (PSFP) para empresas (texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 113 final] [COM(2018) 113 final Anexo] [2018/0048 (COD)] {SWD(2018) 56 final} - {SWD(2018) 57 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

RESOLUCIÓN do 21 de marzo de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2017, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 2 de marzo de 2018 (BOPG número 270, do 5.03.2018) para cualificar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de

informática do Parlamento de Galicia, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2017 (DOG núm. 158, do 22.08.2017; modificación DOG núm. 226, do 28.11.2017) acordou, de conformidade co disposto na base 2 que o primeiro exercicio terá lugar o día 18 de abril de 2018, na sala dos Reis da planta 0 do edificio do Parlamento de Galicia, situado na rúa do Hórreo, número 63, en Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará ás 10.00 horas.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do tribunal

RESOLUCIÓN do 22 de marzo de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino reservada para ser cuberta por persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2017, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio

Na sesión que tivo lugar o 21 de marzo de 2018, o tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 22 de xaneiro de 2018 (BOPG número 249, do 30 de xaneiro de 2018) para cualificar o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino reservada para ser cuberta por persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2018 (DOG núm. 158, do 22 de agosto de 2017) acordou, de conformidade co disposto na base 2, que o segundo exercicio terá lugar o día 19 de abril de 2018, na sala dos Reis da planta 0 do edificio do Parlamento de Galicia, situado na rúa do Hórreo, número 63, en Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará ás 10.00 horas.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do tribunal